

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 47 - 2021

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# 1º de Maio

## Por unha saída xusta galega da crise

Camiñamos cara a un 1º de Maio marcado pola crise da pandemia e polo afondamento da crise industrial que xa viviamos en Galiza. Porén, lonxe de concentrar os recursos públicos ao servizo da clase traballadora e das maiorías sociais, as políticas deste último ano supuxeron un “festín” de ERTE e ERE á carta, modificacións das condicións laborais, descolgues de convenio e rebaixas salariais que reforzan o poder dunha patronal xa encoraxada polas reformas laborais e ao desmantelamento da negociación colectiva.

No actual contexto resulta “inmoral e incluso un delito contra a clase traballadora” manter plenamente viventes estas reformas que, en palabras do secretario xeral da CIG, Paulo Carril, “son a fosa común onde van enterrando os nosos dereitos laborais”. Por iso, urxe á súa derogación íntegra como o paso imprescindible para encetar unha saída xusta á crise e camiñar cara a unha situación de emprego, salarios, pensións e condicións de traballo dignas.

Mais Carril tamén apela á responsabilidade das forzas políticas que sosteñen o goberno de coalición para non atrasar máis a eliminación total destas políticas “porque non valen nin derogacións parciais nin maqui-laxes, cando avanzamos cara a unha profunda crise económica e social”.

Resulta lamentábel tamén o papel da Xunta de Feixoo que, malia as ameazas á continuidade do tecido produtivo e de sectores estratéxicos, segue sen ter unha política industrial vertebradora do país. Ao contrario, os únicos proxectos que manexa “son os que marcan os fondos de investimento.

Estamos inmersos nunha transición que para Galiza supón un auténtico proceso de desmantelamento e, malia sermos unha potencia produtora de electricidade que exporta o 30% do que xera, nin sequera podemos beneficiarnos dos nosos recursos para o desenvolvemento económico e social da nosa Terra”.

### A mobilización é o camiño

Por iso, ás portas do Día Internacional da Clase Traballadora temos que reivindicar unha saída galega e xusta á crise e a posta en marcha dun paquete de medidas na liña das propostas do Plan Galego de Crecemento Económico e Creación de Emprego que a CIG presentou no mes de outubro.

Neste senso, cómpre rematar co actual modelo de estatización da negociación colectiva que ten provocado unha maior precarización e empobrecemento, ao dar prioridade aos convenios estatais sobre os provinciais e deteriorar os convenios sectoriais e de empresa. Ademais de afastar a negociación dos e das traballadoras, impide a participación



dos sindicatos que democraticamente os representan para pechar acordos sobre as condicións de traballo en calquera sector.

A CIG chama a reforzar a mobilización e a reposta social porque este é o “mecanismo real para desmontar a reforma laboral, forzar os cambios de políticas necesarios e poder avanzar na recuperación e consecución de novos dereitos laborais e na mellora das condicións de vida”. “Pensar que a través do diálogo social van chegar as solucións ás graves situacións que padecemos en Galiza, como o desmantelamento industrial, é enganar a clase traballadora”, advirte Carril, instando a intensificar a loita nas rúas e nos centros de traballo.

Neste marco, CIG, ELA e I-CSC desenvolveron unha xornada de protestas o 25 de marzo en Galiza, Euskal Herria e Catalunya, dentro da campaña que as tres centrais teñen en marcha para esixir a derogación das reformas e que se recoñeza o dereito a decidir nas respectivas nacións o modelo de relacións laborais, pensións e protección social.


# Mobilizacións de SOS Sanidade Pública

## Pola recuperación do sistema sanitario tras da pandemia

SOS Sanidade Pública fai un chamamento á poboación e ao persoal sanitario a mobilizarse –en todas as localidades de Galiza onde estea constituída a plataforma– o mércores 21 de abril, ás 20:00 horas, para demandar que se poña fin á utilización partidista da pandemia e pola elaboración dun plan para a recuperación do sistema sanitario público galego.

A pandemia chegou a unha Atención Primaria debilitada e deteriorada polos gobernos do PP, sen suficientes recursos humanos, materiais e organizativos. A Atención Primaria, que tería que ser fundamental para o seguimento, control e tratamento de doentes da COVID-19, tanto nos centros de saúde como nos seus domicilios, encontrouse cunha grave falta de recursos, que limitou a súa capacidade para poder asumir esas novas funcións e continuar atendendo axeitadamente ás outras patoloxías e demandas da poboación.

As barreiras de acceso aos centros de saúde e ás especialidades hospitalarias –que suspenderon consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas, sen poder dedicarse a ou-



tras doenzas non COVID-19–, afectan á saúde da poboación e están xerando un gran malestar, tanto do persoal sanitario –insuficiente e moito en precario–, como a nivel social.

A dificultade para comunicar cos centros de saúde e para recibir unha asistencia presencial, favorece que a poboación recorra ao sector privado, o que incrementa as desigualdades de saúde. Recuperar a consulta presencial

e a actividade normal dos centros de saúde non debe supoñer volver á situación anterior de masificación e medicalización da Atención Primaria.

SOS Sanidade Pública responsabiliza desta situación ao SERGAS e á Consellaría de Sanidade, de onde saen as ordes para aplicar logo nos centros. Denuncia ademais a falta de información transparente que hai arredor das vacinas e rexeita que o PP aproveitase a actual situación de alarma social para modificar, por segunda vez, a Lei Galega de Saúde, recortando dereitos e liberdades cívicas de xeito inconstitucional.

Fronte a isto defende que o apoio social na loita contra a COVID-19 debe basearse no acordo e colaboración da poboación e non no temor a unhas sancións represivas.

Por todo iso agarda unha gran mobilización cidadá en demanda de que se destinen os orzamentos da Xunta e o financiamento que vén da UE a incrementar profesionais, combater a precariedade no sector e aumentar categorías en áreas como psicoloxía clínica, terapia ocupacional, fisioterapia ou logopedia, entre outras.

## Pola intervención pública das plantas de aluminio

A CIG denuncia a inacción do Goberno español e da Xunta de Galiza ante a incerteza e a deterioración das fábricas de aluminio da Coruña e de San Cibrao. Esta pasividade non ten xustificación cando resta menos dun mes para que remate o prazo fixado no proceso de negociación de venda da planta da Mariña sen que Alcoa e a SEPI teñan alcanzado aínda un acordo.

Non sería tolerábel que, logo dos abusos cometidos, a multinacional pretendese usar esta negociación para gañar tempo, na espera de que prospere o recurso contra a sentenza

que anulou o ERE e poder efectivizar así a parada das cubas e o plan de peche que até o de agora freou a incansábel loita do persoal e do conxunto da comarca.

Tampouco ten xustificación a inacción dos gobernos fronte ao desmantelamento, á represión sindical e aos despedimentos executados na fábrica da Coruña polo Grupo Riesgo, envolto ademais en investigacións por delitos de estafa, roubo e apropiación indebida; e tendo en conta que só quedan cinco meses para o remate das garantías de emprego derivadas da venda por parte de Alcoa.

É precisa e urxe, polo tanto, a intervención pública das fábricas como vía para garantir o mantemento de todos os empregos, da continuidade industrial e da actividade das cubas de electrólise que, no caso da Coruña, nunca se debeu aceptar que parasen.

A solución para o aluminio galego depende das decisións e da vontade política, non da acción nos xulgados, por iso cómpre intensificar a mobilización para lograr que os gobernos axilicen e concreten as necesarias solucións que dean futuro a un sector estratéxico para Galiza como o do aluminio.



# Folga polos convenios do metal e da limpeza

Os sindicatos maioritarios no metal da provincia de Pontevedra e na limpeza da Coruña convocan folga ante o bloqueio das negociacións para renovar os convenios colectivos. A primeira das xornadas terá lugar o 22 de abril e afectará aos dous sectores, mentres que na limpeza tamén haberá un paro de 48 horas o 11 e o 12 de maio.

A CIG, CCOO e UGT apostan por esta medida de presión para denunciar a actitude da patronal e para forzala a retomar as conversas, que no caso do metal se suspenderon tras 11 xuntanzas a pesar do esforzo das tres centrais para consensuar unha plataforma conxunta que xira arredor de varias reivindicacións principais: subrogación do persoal por parte das empresas privadas, incremento salarial que garanta un soldo digno e adaptación do convenio á lexislación laboral sobre rexistro de xornada e control horario.

Pero as patronais Asime, ATRA e Instalectra seguen adiante coa súa intención de introducir as ETT no sector e de pagar o plus de eventualidade ao final do contrato, o que na práctica supón que os traballadores/as en situación máis precaria non o cobren



porque as empresas obríganos/as a renunciar a el se queren volver a ser contratados/as.

## Dereitos consolidados

No caso da limpeza da Coruña, o empresariado négase a asumir calquera mellora laboral e pretende recortar dereitos xa consolidados no convenio e conxelar os soldos a pesar de que o persoal leva moitos anos sen un incremento salarial relevante. Por iso os sindicatos denuncian os intentos da patronal para manter a precariedade dun colectivo esencial na pandemia, altamente feminizado e que na meirande parte dos casos ten contratos a tempo parcial.

Sobre todo tendo en conta que o sector se está a beneficiar da emerxencia sanitaria debido ao reforzo das horas de limpeza e das desinfeccións, até o punto de que incrementou a facturación e tivo maior carga de traballo, pero o empresariado pretende escudarse na crise sanitaria para non só non aceptar ningunha mellora, senón incluso para recortar dereitos.

As convocatorias de folga chegan nos dous casos despois de que os traballadores/as desenvolvesen distintas mobilizacións, que na limpeza estiveron acompañadas de xuntanzas cos grupos parlamentares, denuncias na Inspección de Traballo e un conflito colectivo.

## Por un Sistema Público Galego de Atención ás Persoas

A campaña de recollida de sinaturas para levar ao Parlamento de Galiza, a través dunha Proposición non de Lei de Iniciativa Popular, a demanda de creación dun Sistema Público Galego de Atención ás Persoas está xa en marcha. Podedes asinar nos locais da CIG.

A pandemia da Covid-19 evidenciou o carácter esencial dos coidados, o insuficiente investimento público nos servizos de atención e as ruindades do modelo de xestión privada promovido polo PP na Xunta.

Puxo de manifesto tamén as carencias de persoal e material; a falla de protocolos homoxéneos de funcionamento; os abusos patronais e os importantes niveis de explotación e



precariedade existentes –e que teñen unha clara compoñente de xénero– tanto nos servizos de axuda no fogar como nas residencias da terceira idade e de persoas con discapacidade.

A recollida de sinaturas está posibilitando achegar á poboación galega a importancia do sector de coidados e a problemática que padece quen desenvolve o seu labor neste ámbito.

# Iberdrola e Naturgy afondan no desmantelamento industrial do país

Os peches do Centro de Operación de Cunca do río Sil que Iberdrola ten na Rúa e do Centro de Operación de Rede de Naturgy da Coruña afondan no proceso de desmantelamento industrial que ameaza con converter Galiza nun ermo produtivo. Fronte a isto, a CIG está a desenvolver un intenso calendario de mobilizacións e de xestións institucionais para evitar a destrución do noso tecido empresarial e a perda de máis emprego cualificado.

Porque é necesario forzar a Xunta a intervir contra estas actuacións empresariais para garantir que a riqueza que se xera coa explotación dos recursos naturais galegos reverta no desenvolvemento económico e social da nosa terra. Actuacións que se producen ademais en pleno proceso de transición enerxética, sen que existan políticas públicas que senten as bases dun novo modelo.

De feito, esta transición, que en Galiza non significa outra cousa que destrución de emprego e de tecido produtivo, está a ser dirixida polas propias compañías eléctricas, segundo



os seus intereses e sen asumir ningunha responsabilidade social, mentres o Goberno galego fica pasivo.

No caso do centro de Naturgy, a CIG reclámalle á empresa que manteña as instalacións na Coruña para evitar o traslado dos seus 27 traballadores/as a Madrid ou, no caso de non aceptar, ir ao desemprego. Ademais, o peche pon en risco a seguridade e a garantía do subministro, tendo en conta a posición prioritaria da compa-

ña no mercado eléctrico galego, tanto na produción como na distribución.

De igual xeito, demanda a permanencia do centro de Iberdrola xa que se trata dunha decisión inxustificada coa que só se busca reducir custes, porque nin criterios técnicos nin económicos avalan a centralización da supervisión en Salamanca. Por iso esixe o mantemento aquí das instalacións dende as que se controlan as centrais hidroeléctricas, así como de todos os empregos que xeran.

## 18 de abril: 'Galiza nación. Un pobo con dereitos'

Vía Galega ten convocada unha manifestación nacional para o domingo, día 18 de abril, baixo o lema 'Galiza nación. Un pobo con dereitos', con saída ás 11.30 horas da Alameda compostelá e remate na Praza da Quintana.

Con esta mobilización culmínase a campaña que se veu desenvolvendo ao longo de seis meses por todo o país e que levou a debater sobre a condición nacional de Galiza e os seus dereitos como pobo en 25 vilas e cidades galegas.

Para Vía Galega a negación dos nosos dereitos colectivos, como o dereito de autodeterminación, leva implícita a limitación dos nosos dereitos individuais. "O exercermos a plena

soberanía, o termos a plena capacidade política é imprescindible para paralizar as agresións que padecemos, impedir o espolio e dispoñer dos nosos recursos para desenvolver Galiza en base aos intereses e necesidades da maioría social".

Defende que só con plenas competencias políticas, a riqueza, o excedente que xeramos e as grandes potencialidades do país estarán ao servizo de todos galegos e galegas e non dos intereses oligárquicos españois e transnacionais. "Queremos responsabilizarnos do noso futuro como pobo para termos maior benestar social, para rematar coa emigración, para crear emprego digno e para

normalizar a nosa lingua e cultura, pois ninguén nos vai gobernar mellor que nós mesmos".

Por iso anima a continuar a traballar para que sexa máis pobo o que asuma conscientemente a realidade obxectiva de que Galiza é unha nación, con vontade colectiva de existir e de exercer politicamente como tal. Para facer fronte á cada vez maior centralización política, como se comprobou coas actuacións relacionadas coa pandemia, e combater a españolización que procura destruír a nosa identidade, lingua e cultura e anularnos como pobo. En definitiva, para construír unha sociedade galega sen subordinacións, libre, máis xusta socialmente e democrática.